

2025

REGULAMENTO PARTICULAR 1º SLALOM DE RODEIRO



1. ORGANIZACIÓN:

A Escudería Lalín Deza, organiza o 1º Slalom de Rodeiro o día 16 de agosto de 2025, unha proba de carácter nacional, puntuable para o Campionato de Galicia de Slálom 2025. Esta proba de Slálom disputarase de acordo co establecido nas Prescricións Comúns do Anuario 2025, no Regulamento Xeral do Campionato de Slálom 2025 (e os seus anexos), e o presente Regulamento Particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día _____. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-_____-SL.

Un Slálom é unha proba de habilidade ó volante, que se desenrolará sobre un pavimento plano, asfaltado, encementado ou co 20% en superficie en terra, que comporta cambios de dirección marcados preferentemente por obstáculos, como conos ou portas.

O incumprimento dalgún/s artigo/s da normativa citada ou do Regulamento Particular, aprobado pola F.G.A., será estudado pola Comisión de Slálom, para o seu análise, e aplicación das normas que teñan, con posterior traslado ó Tribunal Galego de Apelación si houbera lugar.

2. VEHÍCULOS ADMITIDOS:

2.1. A proba debe ter, como mínimo, as seguintes clases:

AGRUPACIÓN I: Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada ata 1.200 c.c.

AGRUPACIÓN II: Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada dende 1.201c.c. ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN III: Vehículos de competición de tracción dianteira e de cilindrada a partir 1.601 c.c.

AGRUPACIÓN IV: Vehículos de competición de propulsión traseira e de calquera cilindrada.

AGRUPACIÓN V: Vehículos de competición de tracción total, incluídas tódalas cilindradas.

AGRUPACIÓN VI: Vehículos Prototipos (vehículos con carrocería tipo turismo, de chasis monocasco, semitubular ou tubular, que así estean homologados).

AGRUPACIÓN VII: Vehículos de serie de tracción dianteira e de cilindrada ata 1.200 c.c. (os vehículos de serie).

NOTA 1: No caso de motores sobrealimentados, a cilindrada calcúlase multiplicando a propia cilindrada polo coeficiente 1'5. (ex. Un vehículo con motor 1.000c.c. turbo, sería Agrupación 2, equivalente a cilindrada 1.500c.c., xa que o resultado ven de multiplicar 1.000c.c. por 1'5= 1.500c.c.)

NOTA 2: Para os vehículos de enerxías alternativas (eléctricos, híbridos,..), a Organizador consultará a Comisión de Slálom, que valorará a Agrupación en cal encaixalo, en función da ficha técnica dos ditos vehículos.

2.2. Características dos vehículos da **AGRUPACIÓN VII (VEHÍCULOS DE SERIE):**

- Vehículos atmosféricos de tracción, de estrita serie e con cilindrada máxima 1.200cc.
- Non se pode modificar motor de serie (árbores de levas, carburadores,...)
- Non se pode modificar admisión de serie.
- Non se pode modificar a centralita de orixe.
- Deberá contar con todos os reforzos de serie de portas, capó e demais elementos da carrocería.
- Non se pode variar a relación de cambio de serie.
- Sen autoblocante.
- Será necesario ter asentos, tapizados... O asento de condutor de serie ten que estar inmovilizado-fixo (sen corredoira) e co cinto de seguridade de serie. Permítese asento deportivo tipo baket, caso no que debe levar arneses de catro a seis puntos de ancoraxe.
- Sen barras antivolco, permitíndose por motivos de seguridade que as monte e que así estea reflexado na ficha técnica, non podendo estar homologado como vehículo de competición.

- Sen separadores.
- Con pneumáticos de calle e de grandes series: prohíbese a utilización dos denominados de tacos, contacto, cravos e cadeas, así como as rodas de tipo M, M+S, M4, M5 e C.
- Con suspensión tipo calle (que pase a ITV: tipo Selex, Koni,...). Non se permite suspensións homologadas de tipo roscado en botellas independentes.
- Non se poderá modificar estabilizadoras dianteiras nin traseiras: diámetros,...
- No caso de levar barras de torsión, non se poderá modificar o diámetro destas.
- No caso de levar ballestas, non se poderá modificar o número destas.
- Non se pode modificar colectores de escape. Permítese a modificación do sistema de escape, por outro que teña a homologación CE/E9, e cos sistemas de catalizado correspondentes: válido para pasar a ITV.
- Con ITV en vigor.
- Permítese a modificación do volante.
- Permítese, por motivos de seguridade, a monta de parrillas ou barras de luces cando as condicións climatolóxicas ou a hora na que se celebre o evento, así o aconsellen.
- Non se permite que leve roda de reposto.

As fiestras laterais dianteiras de cristal deberán levar na súa parte interior, unha lámina antiroturas translúcida e incolora.

NOTA: todo o non establecido neste documento está prohibido.

3. CONCURSANTES ADMITIDOS:

Para participar na proba estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2025 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

Considéranse Debutantes, todos aqueles participantes que teñan por primeira vez a licencia de piloto, non téndose en conta as licencias de piloto de Karting nin as restrinxidas doutras modalidades que non sexan Sláalom.

4. CLASIFICACIÓNS DA PROBA:

4.1. Serán establecidas as clasificacións seguintes:

- a) Unha clasificación das distintas mangas, de adestramentos e oficiais.
- b) Unha clasificación xeral absoluta e unha clasificación por Agrupacións (I,II,III,IV,V,VI,VII) para o Campionato.
- c) Unha clasificación para Copa Debutantes para o Campionato.
- d) Unha clasificación para Escuderías para o Campionato.

4.2. As puntuacións serán as establecidas no Regulamento xeral de Sláalom 2025.

5. SEGUROS:

Os organizadores contratarán unha póliza de seguros nas condicións marcadas pola F.G.A. que garanta unha cobertura mínima segundo a regulamentación vixente (Lei de circulación).

6. INSCRICIÓNS:

Todo equipo que desexe participar na proba ten que cumprimentar telematicamente en "www.fga.es" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o recusamento da mesma.

As solicitudes de inscrición admitiranse ata o 11 de agosto de 2025 as 20:00 horas, data na que a organización remitirá á Federación Galega de Automobilismo, por correo ou Fax, unha proposta de lista



de inscritos ordenada e numerada, a cal no transcurso do día seguinte a F.G.A. aprobará a dita lista, podendo facer previamente os cambios que considere oportunos na mesma. **NOTA:** O peche de inscricións realizarase, con data límite, cinco días (luns) antes do principio da proba.

Dereitos de inscrición:

85 €.: Aceptando a Publicidade facultativa. 170 €.: Non acepta a Publicidade facultativa.

As solicitudes de inscrición deberanse remitir vía e-mail a:

Entidade **Escudería Lalín Deza** e-mail: **escuderia@ralidococido.com**

Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos en:

Entidades **Banco Santander** número de conta **ES86 0049 4989 1626 1633 0386**

Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

No momento da realización da inscrición cada participante deberá remitir ao Comité Organizador vía e-mail ou en persoa as copias de:

- Licenza: piloto, concursante e asistencia, no caso.
- Ficha técnica do vehículo.
- ITV do vehículo en vigor.
- Seguro obrigatorio do vehículo en vigor

Tamén remitirá o xustificante de pago dos dereitos de inscrición na proba.

7. CIRCUITO:

O circuíto de asfalto plan redial nacional, estará emprazado nas inmediacións da casa consistorial de Rodeiro.

NOTA: Anexar mapa do trazado con medidas e un croques da proba.

8. DESENROLO DA PROBA:

DATA	HORA	ACTO	LUGAR
11/07/2025	10:00	Apertura das inscricións	www.ralidococido.com
11/08/2025	20:00	Peche de inscricións	www.ralidococido.com
13/08/2025	10:00	Publicación da lista de inscritos	www.ralidococido.com
16/08/2025	09:00 a 10:30	Verificacións administrativas e Entrega de dorsais	Casa Sánchez
16/08/2025	09:00 a 10:30	Verificacións técnicas	Rúa da Piscina
16/08/2025	10:45	Hora límite presentación dos vehículos no Parque Pechado	Rúa da Piscina
16/08/2025	11:00	Publicación da Lista de Autorizados a tomar a saída	www.ralidococido.com
16/08/2025	11:30	Briefing aos pilotos	Casa Consistorial Rodeiro
16/08/2025	12:00	Saída 1º participante na 1ª manga de adestramentos	Circuíto da proba
16/08/2025	16:00	Saída 1º participante na 2ª manga de adestramentos	Circuíto da proba
16/08/2025	a continuación	Saída 1º participante na 1ª manga oficial	Circuíto da proba
16/08/2025	a continuación	Saída 1º participante na 2ª manga oficial	Circuíto da proba
16/08/2025	20:30	Publicación de clasificación xeral oficiosa	www.ralidococido.com
16/08/2025	21:00	Publicación de clasificación xeral oficial	www.ralidococido.com
16/08/2025	21:15	Entrega premios	Casa Consistorial Rodeiro

Nota: Levantamento vehículos Parque Pechado: Despois da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos do Parque Pechado,** sen ter que esperar ás entregas de premios.



9. OFICIAIS DA PROBA:

Presidente Escudería /Comité Organizador:

D. Mateo Varela Fernández

DC-03411-ESP/GA

Director da Carreira-Oficina:

D. José Manuel Machado Marqués

DC-04294- ESP/GA

Comisarios Técnicos da Escudería Verificacións Xerais:

Vocal: D. Óscar Costa Soto

JCT-04300- ESP/GA

Xefe de Seguridade Vial:

D. Mateo Varela Fernández

DC-03411- ESP/GA

Centros asistenciais: C.H.U.S., Cosaga, HM La Rosaleda Santiago e os designados por concerto pola CIA aseguradora Allianz.

Servizo de Guindastres: Grúas Lalín Deza

Nota: O Vehículo do Xefe de Seguridade Vial pasará diante do primeiro participante e tralo derradeiro participante en tódalas mangas.

MEDICO DA PROBA: E.M.S. Galicia

Don Mateo Varela Fernández, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

10. Disposicións Contrarias A Normativa Xeral Da F.G.A.:

Según artigo 6.2 das Prescricións Comúns dos Campionatos e Copas de Galicia. "O proxecto de Regulamento Particular deberá mencionar explicitamente, nun apartado diferenciado, tódalas súas disposicións que resulten contrarias a normativa xeral da F.G.A.". Deberán facer constas no regulamento particular a excepcións aprobadas pola F.G.A.

Asdo.: Director da Proba
José Manuel Machado Marqués
N.I.F.:77544318-W

Entidade: Escudería Lalín Deza
C.I.F.: G-36266443
Asdo.: Presidente D. Mateo Varela Fernández

Asdo.: Xefe de Seguridade Vial
Mateo Varela Fernández
N.I.F.:45860961-L

10. PREMIOS:

10.1. Repartiranse un total de 950,00 euros en premios, segundo a clasificación xeral scratch final:

1º clasificado: 300,00 €

2º clasificado: 200,00 €

3º clasificado: 100,00 €

4º clasificado: 90,00 €

5º clasificado: 80,00 €

6º clasificado: 70,00 €

7º clasificado: 60,00 €

8º clasificado: 50,00 €

TOTAL: 950,00 €

10.2. Recibirán trofeo os 8 primeiros da Xeral Scratch, e os 3 primeiros de cada agrupación. (I, II, III, IV, V, VI, VII).

Tamén se lles entregará trofeos aos 3 primeiros da Copa Debutantes.

NOTA: Para ter dereito ao trofeo e/ou premio, será obrigatorio estar presente na entrega de premios.

11. TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS:

Segundo o disposto no art. 11.9.4 do CDI, o Taboleiro de Anuncios Oficial será el taboleiro de anuncios dixital publicado na páxina web: www.ralidococido.com/tablón

Tamén haberá comunicación coa aplicación "Sportity" pero non haberá Taboleiro oficial de avisos físico. Para acceder a toda a información do taboleiro de anuncios dixital do rallye deberase ingresar o contrasinal:



A aplicación "Sportity" pódese descargar de Google Play ou App Store nas seguintes ligazóns:

App Store: <https://apps.apple.com/ee/app/sportity/id1344934434>

Google Play: <https://play.google.com/store/apps/details?id=com.sportity.app>

12. RELACIÓN COS PARTICIPANTES:



Luis Alberto Villar González
DC-04296-ESP/GA
646 677 649

ANEXO 1. MAPA XERAL:



ANEXO 2. PERCORRIDO:



NOTA: Distancia entre obstáculos 15m, agás nos indicados no mapa.

Parte 1: 
Parte 2: 